



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

PROGRAMACIÓN XERAL

Presentamos a programación xeral do curso escolar 2023/2024, horarios, calendario escolar, actividades complementarias, e información de interese para as familias.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Cambridge English
Exam Preparation Centre



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



Índice

POLÍTICA DE CALIDADE	3
OBXECTIVO E LEMA DO CURSO	4
“ABRAZA”	4
HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR	6
CALENDARIO ESCOLAR 2023-2024	6
AVALIACIÓN	7
OFERTA ESCOLAR	8
SEGURO ESCOLAR.....	9
NORMATIVA	10
RESUMO DO ACORDO SOBRE O CONTROL DA NORMATIVA DO EQUIPODOCENTE DA ESO.-	13
PLANIFICACIÓN PASTORAL	14
POLÍTICA LINGÜÍSTICA	16
PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TIC'S	18



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



POLÍTICA DE CALIDADE

Quen somos ...

A Congregación de Siervas de San José, titular do Centro San José da Guía, situado no barrio de Teis, Vigo, ten como misión a evanxelización e promoción do mundo traballador e pobre.

A Familia de Nazaret, fogar e taller, inspira o noso quefacer educativo.

O Centro está **ABERTO A TODOS**, sen distinción de raza, crenzas relixiosas, ideas políticas... cunha especial atención aos que máis nos necesitan.

Ofrecemos unha **FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO** en colaboración cos pais, e intentamos dar respostas ás necesidades que se suscitan na nosa COMUNIDADE EDUCATIVA, dende o punto de vista humano, cristián, cultural, e académico.

O modelo educativo do noso Centro baséase nunha concepción cristiá do home, da vida e do mundo, dentro do respecto a outras crenzas.

A Fe, o Traballo e o Amor son eixes transversais da nosa tarefa educativa.

Que ofrecemos ...

Queremos ser percibidos como un Centro que pretende formar persoas que opta, entre outros, polos seguintes principios:

PEDAGOXÍA PERSOALIZADA centrada no alumno e que pretende alcanzar o seu desenvolvemento Integral.

A educación en valores cristiáns.

Unha **METODOLOXÍA ABERTA, FLEXIBLE E ACTIVA** que

se adapte ás características do grupo de alumnos, ao seu momento evolutivo e á realidade do contorno, e que posibilite que se transformen en suxeitos activos da súa propia aprendizaxe.

A **FORMACIÓN INTELECTUAL DO ALUMNO** que pretende

espertar a inquietude pola procura da verdade, pola investigación, a valoración crítica da realidade e a capacitación profesional.

Unha **EDUCACIÓN MÁIS ALÓ DA AULA E DO HORARIO ESCOLAR** e que ten en conta a formación para o lecer.

Preparación do alumnado para o uso constructivo dos Medios de Comunicación Social e das novas tecnoloxías.

CONSIDERA A AVALIACIÓN COMO UN PROCESO

CONTINUO que abarca os aspectos e dimensións do proceso educativo e da vida do Centro.

Mediante a posta en práctica destes principios pedagóxicos e humanos, **PRETENDEMOS MELLORAR O NIVEL CULTURAL DA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA E O SEU COMPROMISO CRISTIÁN.**

Os nosos valores...

A nosa opción pola persoa a fundamentamos na antropoloxía e cultura que se inspira no Evanxeo. Jesús de Nazaret é o noso modelo de persoa. Segundo isto queremos educar nos nosos valores de:

PAZ, TRABALLO, LIBERDADE, AMOR, SOLIDARIEDADE, XUSTIZA, SENCILLEZ, COLABORACIÓN

A Dirección transmite e vela polo cumprimento de todos os requisitos legais e regulamentarios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



OBXECTIVO E LEMA DO CURSO

OBXECTIVO XERAL ANUAL

O obxectivo do Centro para o curso escolar 23/24 é:

"Aprender a ser persoas implicadas na mellora da nosa sociedade"

LEMA DO
CURSO

“ABRAZA”





COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



OBXECTIVO XERAL

CRER na escola como:

- Plataforma para achegarnos a nenos e xóvenes.
- Lugar privilexiado para a promoción da persoa.
- Integradora dos saberes da cabeza, o corazón e as mans.
- Disposta ao cambio, aos desafíos comúns, a atopar o seu lugar no mundo que nos toca vivir.
- Xeradora de opcións dinámicas e fortes coa investigación, o coñemento e o compartir.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- **Educar cara ao Evanxeo.** "Lemos e escoitamos os retos do mundo e respondemos dende os valores de Nazaret".
- **Profundizar a nosa relación con Xesús no mundo real.** "Provocamos a experiencia de Deus e coidamos os lugares de encontro".
- **Educar para asumir as nosas responsabilidades.** "Somos audaces, aprendemos a tomar decisións para fortalecer á humanidade".

Estes obxectivos estratéxicos concretaranse en actividades didácticas de aula, actividades complementarias, momentos, metodoloxía...

ACCIÓNS

- Ofertar espazos para o cultivo da interioridade.
- Dar a coñecer e fomentar Taller de Solidariedade como medio de implicación solidaria na acción pastoral.
- Adquirir compromisos de implicación pastoral.

TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)

Como Centro plurilingüe que fomenta a integración das linguas, plantexamos os seguintes obxectivos para o curso 23/24:

- ✓ Introducir e potenciar o uso do Galego, fundamentalmente no alumnado dende Educación Infantil.
- ✓ Facer lectura comprensiva en todas as materias e en todos os niveis.
- ✓ Mellorar a presentación do noso traballo cotián. Incidindo especialmente en: Respetar as marxes

Caligrafía lexible.

- ✓ Incidir na puntuación e ortografía.
- ✓ Emprego do dicionario en todas as linguas, e en diferentes formatos



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



- ✓ A nivel oral: coidaremos a coherencia e a cohesión da lingua na que temos que falartendo en conta o carácter plurilingüe do Centro.

HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR

HORARIO

De 9:00 h a 14:30 h e luns 16:30h a 18:10 h.

HORARIO DE VISITAS

Dirección

- Luns de 12:00 h a 13:00 h.
- Martes de 17:30 h a 18:30 h.
- E sempre que haxa algo urxente.

Secretaría

- De luns a venres de 09:00 h. a 14:00 h.

Administración

- De luns a venres de 09:00 h a 14:00 h.

Titores/as e profesorado

- O horario de atención ás familias será os martes de 17.30 a 18.30.
Este horario podrá ser adaptado segundo as necesidades das familias

ORGANIZACIÓN DAS TITORÍAS

As titorías realizaranse según as indicacións de cada titor/a e as familias serán debidamente informadas.

CALENDARIO ESCOLAR 2023-2024

Este curso as clases **inciáronse** o 11 de setembro de 2023 e **rematarán** o 21 de Xuño de 2024, ambos inclusive.

As **vacacións de Nadal** serán dende o 22 de decembro de 2023 ata o 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

Entroido 12, 13 e 14 de febreiro.

A **Semana Santa** será dende o día 25 de marzo ao 1 de abril de 2024, ambos inclusive.

Non lectivos: 7 decembro (día do ensino). 13 outubro e 20 de maio.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



AVALIACIÓN

- Avaliación inicial: 17 de outubro
- 1ª Avaliación: 28 de novembro
- Entrega de notas: 13 de decembro (en titorías)

- 2ª Avaliación: 12 de marzo
- Entrega de notas: 22 de marzo
- Avaliación 3ª trimestre: 11 de xuño de 2023 (1ºFPB)
- Avaliación final: 21 de xuño de 2023 (2ºFPB)
- Avaliación 3ª final extraordinaria: 24 de xuño de 2023 (1ºFPB)
- Entrega de notas: 26 de xuño de 2023

ACTIVIDADES E CELEBRACIÓNS

Primeiro trimestre:

- Día do ensino
- Festa do magosto
- Día Internacional contra a violencia de xénero
- Día Internacional das persoas con discapacidade
- Nadal

Segundo trimestre:

- A non violencia e a Paz
- Entroido
- Día de Rosalía
- Día Internacional da muller
- Festas de San José

Terceiro trimestre:

- Letras galegas semana do 17 de maio.
- Semana do libro
- Recordo dos fundadores, Bonifacia e Francisco Butiñá

SAÍDAS CULTURAIS

1º FPB	<p>1º Trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">-Convivencia-Illas Atlánticas <p>2º Trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">-Salinae.-Museo de Pontevedra <p>3º Trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">-Excursión fin de curso en Xuño.
--------	---



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



2º FPB	1º Trimestre: -Convivencia. -Visita aeroporto. -Illas Atlántica. 2º Trimestre: -Plastic omnium. -Citraen. -Excursión fin de ciclo en Abril.

COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

- Realizaráse a partir do informe de derivación que o titor entrega ó xefe do D.O.
- Psicólogo: mércores de 16:00h . ata ás 18:00 h. e venres de 9.30h. ata ás 12.30h.(citaprevia)
- Orientador con cita previa.

OFERTA ESCOLAR

AULA MATINAL:

Horario de 07:30 h a 09:00 h, atendido por monitores. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días sueltos ou toda a mensuralidade.

SERVIZO DE MEDIODÍA

Horario de 14:00 h a 14:30 h, atendido por persoal do Centro. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensuralidade.

PSICÓLOGO EXTERNO

Horario:

Mércores de 16:00 h a 18:00 h e venres de 09:00 h a 12:30 h.

A demanda deste servizo faise a través do protocolo do Departamento de Orientación.

COMEDOR

Horario de 14:00 h a 15:50, atendido por monitores. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días sueltos ou toda a mensuralidade. O alumnado que realice actividades extraescolares xa queda custodiado no centro.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CENTRO

ORGANIZADAS POLA ANPA

<https://sanjosedelaguia.com/servizos/>



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaquia.com



ORGANIZADAS POLO CLUBE DE BALONCESTO

<https://sanjosedelaquia.com/wp-content/uploads/2023/09/INSCRIPCION-2023-24-COMPLETA.pdf>

ORGANIZADAS POLO CENTRO

https://sanjosedelaquia.com/wp-content/uploads/2023/09/INFO-EXTR-INGLES-SAN-JOSE-DE-LA-GUIA-CURSO-23_24.pdf (INGLÉS)

<https://sanjosedelaquia.com/msj/> (MSJ)

SEGURO ESCOLAR

Todo o alumnado do Centro está cuberto por un Seguro Escolar de Accidentes.. Dependendo do curso e nivel educativo ten unha aseguradora distinta e cun procedemento diferente. **É MOI IMPORTANTE RESPECTAR O SEGUINTE PROCEDEMENTO** para que as compañías se fagan cargo dos accidentes, de non seguilo os gastos correrán por conta das familias.

Dende 4º de Educación Infantil (3 anos) ata 2º de ESO (seguro voluntario), ambos os dous incluídos, acompañía aseguradora é MAPFRE. Os pasos a seguir son:

1º Cando se produza o accidente debe notificarse á secretaría do centro que procederá a emisión dun parte (previa autorización).

2º Unha vez cuberto o parte o/a accidentado/ poderá acudir ao centro médicoconcertado: Centro médico Concheiro- Castro (antigo Perpetuo Socorro)

O alumnado de 3º e 4º de ESO, Formación Profesional Básica. e Ciclos Formativos de Grao Superior, están cubertos polo Seguro Escolar da Seguridade Social. Os pasos a seguir son:

1º Cando se produza o accidente, recollerase na secretaría un parte de accidente.

2º Unha vez cuberto o parte, o/a accidentado/a poderá acudir ao centro médico concertado: CENTRO MÉDICO O CASTRO (Antigo Perpetuo Socorro).



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



NORMATIVA

1. O alumnado non debe traer móbiles ao centro; en caso de traelo deben entregalo a primeira hora e se lles devolverá ao finalizar a xornada escolar.

No caso de que un alumno mostre un teléfono en calquera lugar do recinto escolar, será considerada unha falta grave que se sancionará coa expulsión, e teléfono requisado que só será entregado aos pais do alumno/a.

A negativa dun alumno ou alumna a entregar o móbil a calquera profesor do centro tamén terá a consideración de falta grave, polo que suporá a expulsión.

2. A subida desde o patio despois do recreo debe facerse sen gritar e procurando deixar espazo para que outras persoas poidan baixar.

No caso de que un curso perda o balón durante o recreo deberá repoñer outro de características similares ao que se perdeu. Cada curso disporá dun balón para xogar a fútbol. No caso de que o balón se perda, o grupo terá a obriga de repoñelo; non caso de que non o faga non xogarán durante o recreo.

Os grupos deberán respectar as quendas asignadas para xogar ao fútbol ou baloncesto ao longo da semana. Non se permite a mestura de grupos para xogar durante o recreo.

3. O alumnado debe acostumarse a estar sos nas aulas por calquera motivo, a falar normal, sen gritar nin levantarse da súa cadeira.

Non se permite ao alumnado que estean vixiando na porta para avisar aos compañeiros de que chega o profesor. Se a conduta se repite por parte das mesmas persoas se lle cubrirá un parte leve.

4. O alumnado que estea nos corredores cando non debe, ou noutra aula que non sexa a súa, calquera docente lles pode chamar a atención; se a conduta se repite se lle abrirá un parte de comportamento leve.

5. O alumnado que estea enfermo non pode presentarse só aos exames que ten nesa xornada, deberá permanecer na casa ata que se recupere. Unha vez que se incorpore ao centro, será a alumna/o quen estará obrigado a falar cos profesores para programar os días nos que debe facer os exames pendentes.

6. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



7. De acordo coa Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa no artigo 7.2.H é un deber básico do alumno/a asistir á clase con puntualidade e co material preciso. As faltas de asistencia e de puntualidade serán e comunicadas ás familias a través do Xade. As faltas de puntualidade anotaranse no parte, a titor/a poñerá en coñecemento do pai / nai ou titor/a legal do alumno/a dito feito ese segue a impuntualidade intervirá o xefe de estudos.
8. No caso de que un alumno/a acumule tres retrasos por trimestre, se lle abrirá un parte de comportamento grave. Os profesores afectados polos retrasos pode tomar outras medidas aparte que consideren oportunas.
9. Seguir as orientacións de calquera profesor do centro con respecto á súa aprendizaxe e mostrarlle o seu debido respecto e consideración recoñecéndoo como autoridade educativa do centro. (Artigo 7.2.C)
10. Respetar o dereito ao estudo dos seus compañeiros. (Artigo 7.2.A)
11. Constitúe un deber dos alumnos/as a non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social. Tamén deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Educativa, así como o carácter propio do Centro. (Artigo 7.2.C)
12. En caso de faltas de asistencia o alumno/a xustificará dita falta ao profesor/a que estea na aula no momento da súa incorporación.
 - A persoa responsable en cada caso pasará polas aulas nas 1ª horas de clase de cada día (mañá e tarde) e chamará á casa para ver se a falta é xustificada.
 - A xustificación poderá facerse por escrito, por teléfono ou por correo electrónico ao seguinte enderezo: xefaturadeestudos@sanjosedelaguia.com (este enderezo electrónico só se empregará para xustificación de faltas e para problemas de comportamento do alumnado)
 - Pregamos que se xustifiquen as faltas por adiantado se é posible.
 - Tras cada sesión de avaliación farase unha listaxe do alumnado que falta demasiado e tomaranse medidas ao respecto. En caso de que as faltas de asistencia sexan reiteradas, e se o Equipo Docente o considera necesario, chamarase á inspección educativa.
13. Para a convivencia entre todos os membros da Comunidade Educativa hanse de respectar as seguintes normas básicas de educación:
 - Saudar, despedirse, pedir as cousas "por favor", dar as "grazas"
 - Nos corredores ceder o paso, non correr, ir de maneira ordenada. Non saír nos intercambios de clase.
 - Na aula o alumnado deberá facilitar o desenvolvemento normal das tarefas, mantendo unha actitude educada fronte aos compañeiros e o profesorado.
 - O alumnado deberá manter unha actitude positiva fronte ás medidas correctivas que lle



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



sexan impostas.

- O alumnado deberá implicarse nas actividades colectivas que beneficien a Comunidade Educativa propostas polo centro (participación en festivais, saídas culturais, decoración e ordenación de lugares comúns...)
- Evitaranse as agresións tanto verbais como xestuais cara ao profesorado e os compañeiros e compañeiras. As sancións estarán reguladas segundo o Decreto de "Convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar" (Decreto 8/2015 publicado no DOGA do 27 de xaneiro do 2015)
- A entrada do alumnado ao centro non será nunca antes das 8:55, cando toca o timbre, e farano pola porta principal do centro. Pola tarde a entrada é ás 16:25 (neste caso non toca o timbre ata as 16:30). Salvo excepcións.

14. Non se poden xerar conflitos na aula, corredores, patio... No caso de se producir, o profesor/a, o titor/a e se é preciso o xefe de estudos actuará en consecuencia.

Se o problema é grave (pelexas, faltas de respecto grave...) delegarase directamente ao xefe de estudos.

Se o problema non remite, reunirase o Equipo Directivo e tomaranse decisións individualizadas, tendo en conta a traxectoria do comportamento do alumno ou alumna.

15. Respectamos as nosas instalacións: facémonos responsables de conservar en boas condicións o material da aula e o noso colexio. Os estragos, roturas pola falta de interese, por desorde ou indisciplina corren a conta dos causantes de tales accións, incluíndo os equipos informáticos. Recollerase a aula despois de cada clase. O profesor saínte deixará a aula ordenada ao profesor entrante.

16. En todas as aulas dotadas de equipos informáticos, o alumnado deberá cumprir a normativa de uso específica da aula correspondente.

17. Farase un bo uso das redes sociais usadas como plataforma de traballo empregadas polo colexio: está prohibido copiar, modificar ou interferir os ficheiros ou mensaxes doutros usuarios. Deberase empregar unha linguaxe axeitada: quedan prohibidas as palabras malsoantes, os insultos e calquera outra expresión inadecuada, así como revelar información persoal.

18. Dos obxectos de valor, cartos, material escolar ... que poidan ser substraídos non se responsabiliza o colexio. Iso si, tomaranse as medidas educativas e humanamente posibles para recuperalos (é recomendable tomar medidas preventivas).

19. Os pais / nais deben acudir ao titor/a ante calquera necesidade. O titor/a é a primeira opción de comunicación cos profesores do seu fillo/a para calquera necesidade educativa.

As audiencias e comparecencias dos pais e nais cos titores son obrigatorias para eles. (Artigo 7.2.D)



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



20. Para respectar o traballo dos alumnos /as a dirección e profesores agradecemos que tanto pais / nais como xente allea, non pasen da portería en horario escolar.
21. Os alumnos/as deben vir limpos, aseados e axeitadamente vestidos. Como norma xeral, a cabeza debe ir descuberta.
22. Os alumnos de 2º FPB poderán saír do recinto escolar durante o recreo con previa autorización dos pais. Os de 1ºFPB sempre e cando teñan cumpridos os 18 anos.
23. O patio deberá quedar limpo despois dos recreos.
Subírase do patio directamente ás aulas. Non se pode ir ao baño ao subir do recreo.
Os alumnos/ as non poderán traer o balón da casa. O alumno/a que lance o balón fóra do recinto escolar terá que repoñer un balón similar.
24. O dereito á folga dos alumnos/as quedará regulado segundo a lexislación vixente.

RESUMO DO ACORDO SOBRE O CONTROL DA NORMATIVA DO EQUIPODOCENTE DA ESO.-

.- Estableceremos tres niveis DE ACTUACIÓN E DE CONTROL:

A.- faltas leves

Terán esta consideración as seguintes:

- O uso de calquera dispositivo dixital
- Impedir o desenvolvemento normal dunha clase
- Non traer o material axeitado nunha materia
- Correr no aula, berrar, lanzar obxectos ou molestar aos demais nos cambios de clase.
- Correr polos corredores ou berrar ou danar algún tipo de material
- Ausentarse da aula sen permiso do profesor

A reiteración de faltas leves suporá un apercibimento.

B.- Apercibimentos

Os apercibimentos serán por escrito. Os realizará o profesor que estea presente cando se realiza a falta leve e entregarallo ao titor ou titora, para o seu envío as familias, que deberán asinar conforme o recibiron.

O titor arquivará os apercibimentos. Cando un alumno teña recibido **3 apercibimentos**, considerarase falta grave.

C.- faltas graves

.- Cando se produzan por 3 apercibimentos: 1 día de expulsión.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



.- En caso de reincidencia, tal como o marca a lei entre 4 días a un mes.

.- As faltas graves, tipificadas como tal na lexislación vixente serán tratadas directamente pola xefatura de estudos, que as ditaminará xunto ao equipo directivo de acordo coa lexislación vixente.

PLANIFICACIÓN PASTORAL

ACTIVIDADES A REALIZAR DURANTE TODO O CURSO:

- Momentos semanais de oración, reflexión e interioridade nas aulas.
- Actividades complementarias, a realizar na aula.
- Tempos litúrxicos.
- MSJ de outubro a maio. Campamentos en verán.
- Participación nas actividades organizadas pola ONG Taller de Solidariedade.

Setembro- Outubro ➤

- Momento de reflexión-ambientación para comezar o claustro.
- Convivencias iniciais de curso.

Novembro

- Día de Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro).

Decembro ➤

- Advento, María de Nazaret e Nadal, dende a ambientación e a oración, reflexión e interioridade.
- Día Internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro). Finalización do proxecto trimestral de Taller de Solidariedade.
- Festival de Nadal (EI, EP).
- Campaña de recollida de alimentos para Cáritas parroquial.
- Programa de radio trimestral sobre os problemas do mundo actual (a partir de 3º de EP)
- Audiocontos sobre os problemas do mundo actual (EI, 1º e 2º de EP e ciclos formativos).

Xaneiro- Febreiro ➤

- Momento de reflexión-ambientación para comezar o claustro.
- Semana vocacional (segunda semana de xaneiro).
- Día Escolar da Non Violencia (30 de xaneiro).



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



- Coresma:** Oración da mañá. Ambientación do colexio.

Marzo ➤

- Día Internacional da Muller (8 de marzo). Finalización do proxecto trimestral de Taller de Solidariedade.
- San Xosé:** Ambientación do colexio. Oración nas clases. Eucaristía para toda a Comunidade Educativa.
- Programa de radio trimestral sobre os problemas do mundo actual (a partir de 3º de EP).
- Audiocontos sobre os problemas do mundo actual (EI, 1º e 2º de EP e ciclos formativos).

Abril ➤

- Celebración da Pascua á volta das vacacións de Semana Santa, co alumnado e profesorado.

Maio ➤

- Mes de **María de Nazaret**, dende as oracións da mañá e a ambientación.
- Semana das Letras Galegas**, dende a oración-reflexión.
- Actividades remate do proxecto trimestral de Taller de Solidariedade.

Xuño ➤

- Recordo dos fundadores (6 de xuño): Bonifacia e Francisco X. Butiñá
- Programa trimestral de radio e audiocontos sobre o mundo actual.
- Oración fin de curso no claustro.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CARTA ERASMUS+

O Centro na actualidade posue a Carta Universitaria Erasmus + (ECHE) válida de 2020 a 2027.

Unha das nosas finalidades de participar en Proxectos de Cooperación Internacional (ERASMUS, E-TWINING, COMENIUS,..) é mellorar a competencia lingüística do alumnado.

A CARTA UNIVERSITARIA ERASMUS + amplía os nosos horizontes ante a posibilidade de realizar os alumnos/as do noso Centro, a Formación en Centros de Traballo nos Países da Unión Europea.

Solicítouse o curso pasado a carta ECHE que ten unha duración do 2014 ao 2023. con obxectivo de unificar os distintos ámbitos que tiña o proxecto ERASMUS o que nos permite solicitar distintos tipos de participación na formación de profesorado, mobilidades de alumnado ou profesorado etc.

Na nosa política Erasmus se establece a estratexia do centro para os programas de cooperación, os obxectivos que se pretenden nos proxectos de cooperación internacional, o papel do centro para fomentar e certificar e participar nos proxectos. Toda esta información estará colgada na nosa WEB, e xa está no caderno do profesor.

AUXILIAR DE CONVERSA

Incorporamos no Centro unha Auxiliar de Conversa nativa de Kenia, sendo un apoio enormemente eficaz para a adquisición de confianza e soltura por parte do noso alumnado e, sobre todo, para a mellora da competencia en Inglés. O traballo da Auxiliar de Conversa no Centro, é un factor decisivo na tarefa de crear un ambiente bilingüe e de promover a práctica da conversa no Idioma Inglés, cós nosos alumnos e alumnas e, profesorado.

A incorporación do Auxiliar realizarase durante o mes de setembro.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



SECCIÓNS BILINGÜES

Un dos nosos Obxectivos de Centro é potenciar o Plurilingüismo.

Dende hai varios cursos, traballamos en proxectos innovadores có alumnado para promover o uso do Inglés na aula. A materia de plástica e visual de Secundaria, impartímola en Inglés, así como a plástica de 5º e 6º de EP e a educación física de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de EP.

Na Sociedade Europea actual a competencia multilingüe estase conformando como un aspecto esencial para a protección e desenvolvemento dunha herdanza lingüística como fonte de enriquecemento mutuo.

CERTIFICADOS DE CAMBRIDGE ENGLISH

Seguimos potenciando e formando ao alumnado do Centro para obter o certificado de Cambridge. Todosos cursos, presentamos alumnado aos diferentes niveis.

PROGRAMA BEDA

Iniciámonos no curso 2013-2014 no **Programa Beda** que ten por obxectivo a axuda eficaz na mellora da ensinanza do Inglés, sempre en coherencia coa calidade do resto das ensinanzas, do Proxecto educativo e os valores do Centro.

Consiste nunha implantación gradual da ensinanza bilíngüe Castelán-Inglés no Colexio, reforzando e ampliando determinados aspectos da vida educativa lingüística do Currículo e da contorna escolar, através de:

- Un incremento cualitativo e cuantitativo da ensinanza do Inglés.
- Avaliación externa com Cambridge ESOL para alumnado e profesorado.
- Incorporación de auxiliar de conversa.
- Formación específica do profesorado.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"
R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO
☎ 986 376 153 |
www.sanjosedelaguia.com



PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TIC'S

- ❑ Exposición do profesor apoiada pól as novas tecnoloxías; na pizarra dixital interactiva, usando o libro dixital, internet e outras aplicacións informáticas. Contamos cun encerado dixital interactiva por aula.
- ❑ Utilización do alumnado das tecnoloxías que temos o noso alcance: encerado dixital, ordenador, tablet,...
- ❑ Aprendizaxe por investigación (búsqueda de información proporcionando páxinas webs)
- ❑ Preténdese transmitir os coñecementos básicos para poder utilizar as novas tecnoloxías.
- ❑ Daremos dende o principio as indicacións o alumnado por si se tivera que plantexar a educación presencial ou semi-presencial, onde dependeremos de que toda a comunidade educativa domine o entorno Moodle e o correo electrónico.

Obxectivos

1. Empregar o **navegador** para a procura de información dentro do marco dalgunha actividade ou práctica da materia.
2. **Salvaguardar os traballos** en carpetas organizadas e correctamente xerarquizadas. Reflexionar e fomentar o correcto almacenamento de documentos en Pen Drives que estean ben organizados para que facilite o seu uso.
3. Utilizalo **procesador de textos** para a elaboración dalgún traballo escrito. Para o seu correcto desenvolvemento, o profesor establecerá unha serie de requerimentos de formato para o traballo que o alumnado terá que cumprir que contemplan os elementos esenciais máis importantes do procesador:
 - a. tipo de letra
 - b. interliñado
 - c. sangría
 - d. índice
 - e. título



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



- f. estilo de parágrafo
 - g. incorporación de imaxes
 - h. hipervínculos...
4. **Contrastar información** entre diferentes fontes da rede. Fomentar no alumnado a confrontación da información sen dar por certa a primeira fonte atopada.
5. Empregar algún programa de **elaboración de presentacións** para mellorar as súas exposicións orais. Intentar que non só se queden cos programas de presentacións de diapositivas, outras posibilidades son: Prezi, Google Slides, Powtoon... Tamén nestes casos lembralles e traballar na importancia do aspecto das presentacións:
- a. Cantidade de texto por diapositiva. Frases máis ben curtas que condensen conceptos. Sen listados largos de puntos.
 - b. Imaxes axeitadas para cada concepto
 - c. Tipografía de fácil lectura e de cor contrastado con respecto ao fondo



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153 |

www.sanjosedelaguia.com



www.sanjosedelaguia.com

